

## CONCELLO DA LARACHA

### SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 16 DE DECEMBRO DO ANO DOUS MIL QUINCE

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do d3a 16 de decembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do primeiro tenente de alcalde, Jos3 Ram3n Mart3nez Barbeito (en funci3ns de alcalde por delegaci3n do sr. alcalde mediante Resoluci3n 963/2015 do 14 de decembro de 2015), coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

#### PRESIDENTE

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

#### CONCELLEIROS

##### **Grupo pol3tico municipal P.P.**

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

##### **Grupo pol3tico municipal B.N.G.**

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

**Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE**

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

**Grupo político municipal Mixto**

ANTONIO ANTELO AÑON

**Escusa a súa asistencia**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

O sr. presidente pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular ás actas das sesións extraordinaria do 20 de novembro e ordinaria do 23 de novembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, as actas son sometidas a votación, quedando *aprobadas* por *unanimidade dos membros presentes*.

**2.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (P.O.S.) 2016.-**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta das obras incluídas no citado Plan e de que constan no expediente:

1º.- Circular da Deputación Provincial da Coruña comunicando a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2015, e publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015.

2º.- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía.

3º.- Informes técnicos sobre os investimentos.

4º.- Informes da arquitecta técnica municipal e do secretario sobre a dispoñibilidade dos terreos en cada proxecto técnico.

5º.- Informe do secretario da Corporación no que sinala que a aprobación dos proxectos polo Pleno da Corporación unicamente tería efectos de cara ao cumprimento das Bases do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, en tanto que:

- Non se pode entender que o órgano competente para a aprobación dos proxectos sexa o Pleno aos efectos da lexislación urbanística nin de contratación pública, xa que os artigos 195.2 e 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establecen que a competencia para o outorgamento de licenzas será quen determine a lexislación de réxime local e, para o caso de obras municipais será substituído o outorgamento da licenza pola aprobación do proxecto, sendo o competente para dita aprobación o órgano de contratación que, para unhas obras do importe das que é obxecto este expediente, é o sr. alcalde, segundo o artigo 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de

Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

- De conformidade cos artigos 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, deberá o sr. alcalde mediante Resolución aproba-los proxectos incluídos unha vez obtidas as autorizacións sectoriais necesarias en cada caso (segundo os informes do enxeñeiro agrónomo redactor dos proxectos), en tanto que non se poderá outorgar licenza, nin tampouco aprobar os proxectos a eses efectos, sen ter obtido as autorizacións sectoriais segundo o artigo 196.5 da Lei 9/2002. Non obstante o anterior, aos efectos do Plan é suficiente a mera solicitude segundo a Base 2.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo municipal Mixto, manifesta que votará a favor como xa fixo na Comisión Informativa.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que votarán a favor.

Xoán Manoel Sande Muñíz, portavoz do grupo municipal do BNG, manifesta que votará a favor, aínda que a escolla podería ser esta ou outra, sinalando que xa o seu grupo solicitou beirarrúas na rúa Eusebio Bértoa e nas travesías que tamén son necesarias e sería prioritario aproveitar este tipo de plans para estas obras.

O sr. presidente resume os investimentos propostos e explica que solicitan o financiamento do gasto corrente ata o máximo que permite o Plan porque destinalo a investimentos esixe ao ritmo que estableza a Deputación na aprobación do Plan polo que sufragar o investimento con fondos propios permite maior axilidade na tramitación dos expedientes de contratación.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, *por unanimidade dos membros presentes*, á adopción polo Pleno do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Participar no **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento</b>
Afirmado e mellora da capa de rodadura do camiños rurais nas parroquias de Golmar e Montemaior	<b>80191,88</b>	<b>0,00</b>	<b>80191,88</b>
Mellora da capa de rodadura de camiños nas parroquias de Cabovilaño, Caión, Coiro, Erboedo e Lemaio	<b>100311,60</b>	<b>0,00</b>	<b>100311,60</b>
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>180503,48</b>	<b>0,00</b>	<b>180503,48</b>

Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes:**

**Deputación**

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	<b>169922,28</b>
---	------------------

**C) Resumo:**

	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento</b>
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>180503,48</b>	<b>0,00</b>	<b>180503,48</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>169922,28</b>		<b>169922,28</b>
<b>TOTAL</b>	<b>350425,76</b>	<b>0,00</b>	<b>350425,76</b>

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, segundo a Base 2.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.

**TERCEIRO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

**CUARTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

**QUINTO.-** Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SEXTO.-** Facultar expresamente ao sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3.- PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.-**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta das obras incluídas no citado Plan e de que consta no expediente:

1º.- Circular da Deputación Provincial da Coruña comunicando a aprobación inicial das Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2015, e publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015.

2º.- Memorias económicas da Alcaldía específicas para cada investimento.

3º.- Informes xustificativos do carácter social ou non dos investimentos

4º.- Informes técnicos sobre os investimentos

4º.- Informes da arquitecta técnica municipal e do secretario sobre a dispoñibilidade dos terreos en cada proxecto técnico.

5º.- Informes da interventora accidental específico para cada investimento.

6º.- Informe do secretario da Corporación no que sinala que a aprobación dos proxectos polo Pleno da Corporación unicamente tería efectos de cara ao cumprimento das Bases Plan de Acción Social (PAS) 2015, en tanto que:

- Non se pode entender que o órgano competente para a aprobación dos proxectos sexa o Pleno aos efectos da lexislación urbanística nin de contratación pública, xa que os artigos 195.2 e 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establecen que a competencia para o outorgamento de licenzas será quen determine a lexislación de réxime local e, para o caso de obras municipais será substituído o outorgamento da licenza pola aprobación do proxecto, sendo o competente para dita aprobación o órgano de contratación que, para unhas obras do importe das que é obxecto este expediente, é o sr. alcalde, segundo o artigo 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

- De conformidade cos artigos 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, deberá o sr. alcalde mediante Resolución aproba-los proxectos incluídos unha vez obtidas as autorizacións sectoriais necesarias en cada caso (segundo os informes do enxeñeiro agrónomo redactor dos proxectos), en tanto que non se poderá outorgar licenza, nin tampouco aprobar os proxectos a eses efectos, sen ter obtido as autorizacións sectoriais segundo o artigo 196.5 da Lei 9/2002. Non obstante o anterior, aos efectos do Plan é suficiente a mera solicitude segundo a Base 2.1 D) das Bases Reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo municipal Mixto, manifesta que votará a favor polos mesmos motivos sinalados para o POS 2016.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que votarán a favor, aínda que manifesta que este Plan permite de todo e non só actuacións de carácter social como o seu nome indica, botando en falta outros plans ou programas para actuacións de carácter industrial.

Xoán Manoel Sande Muñíz, portavoz do grupo municipal do BNG, manifesta que votará a favor, aínda que non ve a diferenza entre os investimentos de carácter social e os outros, mais as bases reguladoras son abertas, vendo maior carácter social nas beirarrúas referidas no debate do punto anterior da orde do día que nos investimentos de carácter social propostos, xa que están onde o centro de día. Remata dicindo que entre o PAS e POS e a subvención nominativa para as prazas do concello e Vila Fano o concello da Laracha recibirá en torno a un millón de euros, polo que convén que non governe o PP na Deputación, porque os veciños da Laracha saen gañando.

O sr. presidente explica que o Plan axústase ás bases reguladoras e que é certo que é bastante aberto.



O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, *por unanimidade dos membros presentes, á adopción polo Pleno do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** Participar no **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

**A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento</b>
Mellora de capa de rodadura do camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio	<b>75796,59</b>	<b>0,00</b>	<b>75796,59</b>
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cabovilaño, Lendo e Soutullo	<b>72972,11</b>	<b>340,83</b>	<b>73312,94</b>
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Torás	<b>103104,61</b>	<b>0,00</b>	<b>103104,61</b>
Afirmado e mellora de capa de rodadura do camiño rural AC 400-Vista Alegre, parroquia de Soandres	<b>88000,00</b>	<b>552,10</b>	<b>88552,10</b>
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>339873,31</b>	<b>892,93</b>	<b>340766,24</b>

**B) Outros investimentos financeiramente sostibles:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento</b>
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Vilaño	<b>76500,00</b>	<b>486,70</b>	<b>76986,70</b>

Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Soandres	<b>61500,00</b>	<b>259,13</b>	<b>61759,13</b>
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>138000,00</b>	<b>745,83</b>	<b>138745,83</b>

**C) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>339873,31</b>	<b>892,93</b>	<b>340766,24</b>
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>138000,00</b>	<b>745,83</b>	<b>138745,83</b>
<b>TOTAL</b>	<b>477873,31</b>	<b>1638,76</b>	<b>479512,07</b>

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, segundo a Base 2.1 D) das Bases Reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

**TERCEIRO.-** Comprometer ao Concello a incluír no Orzamento Municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan.

**CUARTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

**QUINTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

**SEXTO.-** Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SÉTIMO.-** Facultar expresamente ao sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. presidente desexa feliz Nadal a todos os membros da Corporación agardando que antes de final de ano podan presentarse os orzamentos de 2016 para o que a interventora accidental e o seu servizo están a realizar un especial esforzo que agradece.

Levántase a sesión sendo as trece horas e corenta e oito minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e praxe

O presidente

José Ramón Martínez Barbeito

O secretario

Miguel Iglesias Martínez